



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia



EDITA: INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL - DISEÑO E MAQUETACIÓN: WWW.ANALITES - IMPRESIÓN: EUROGRÁFICAS PICHSEL, S.L. - DEPÓSITO LEGAL: C 1355-2014

PREVENCIÓN DE RISCOS

NO TRACTOR

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



galicia
investe no RURAL



Seguridade viaria

- Os vehículos agrícolas que circulen polas vías públicas estarán homologados e matriculados.
- Permiso de conducir:
 - Xeral: Permiso Clase B.
 - Licenza de condución (idade mínima 16 anos) cando: a masa ou as dimensións dos vehículos agrícolas non excedan as máximas autorizadas; e a velocidade máxima por construción non exceda de 45 km/h.
- ITV: exento os 8 primeiros anos, bienal de 8-16 anos, e anual a partir dos 16 anos. Excepto motocultores, motozadas etc. que non é obrigatoria a ITV.
- Cumprir as normas de circulación: velocidade axeitada, sinalización da máquina diúrna e nocturna, etc.



- Respectar o número máximo de pasaxeiros do vehículo indicado polo fabricante.
- Dispoñer dos elementos de seguridade viaria obrigatorios e en bo estado: espello retrovisor esquerdo, sinalización luminosa: xifaro (V-2) e limitación de velocidade (V-4), etc.
- Na vía pública, de ser o caso, levar a máquina en posición de transporte.



Protección da toma de forza (tdf) e do eixe cardánico

- Dispoñer dos elementos de protección (Protector da tdf, protector do eixe cardánico e protector das xuntas cardán) en bo estado e colocados axeitadamente.
- Enganchar o eixe cardánico coa tdf desconnectada, o motor apagado e a chave de arrinque do tractor sacada.
- Non levar roupa frouxa nin o pelo solto, non permanecer próximo á toma de forza e ao eixe cardán en movemento.



- Non subir ao tractor apoiándose na coiraza protectora, nin ir subido nela co tractor en marcha.
- Antes de baixar do tractor, desacoplar a tdf, poñer o tractor no punto morto, accionar o freo de estacionamento, apagar o motor e retirar a chave do contacto, sempre que sexa posible.



Proteccións do tractor fronte á envorcadura

- Dispoñer de estrutura homologada de protección (cabiña, pórtico ou bastidor).
- Empregar o cinto de seguridade cando o tractor dispoña de estrutura homologada de protección.
- Realizar un mantemento axeitado das proteccións.



Medidas fronte á envorcadura

- Extremar as precaucións en camiños en mal estado e circular a velocidade axeitada.
- En pendente extremar as precaucións.
- Non efectuar viraxes bruscas, principalmente se se vai cun apeiro arrastrado (remolque, cisterna de xurro, etc).



- Non forzar o tractor se existe resistencia ao avance.
- Non retirar parafuso de roturados arados, e se é necesario retiralo, introducir outro de iguais características.
- Abater as estruturas de protección (exemplo: pórtico) só nos casos imprescindibles (invernadoiros, baixo árbores, etc) e sempre cun manexo adecuado e seguro.
- Seleccionar adecuadamente os apeiros que se vaian enganchar ao tractor.
- Empregar o peche do bloqueio dos freos en circulación e transporte, co fin de pisar os freos simultaneamente.
- Se se produce unha envorcadura, o condutor permanecerá dentro do tractor e agarrarase fortemente ao volante ou a algunha asa. Nunca saltar cara ao exterior.

